

O Concello de Ferrol comunica á veciñanza o establecemento, por parte da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, dunha alerta por *episodio de fenómenos meteorolóxicos* con incidencia no noso Concello.

Tipo de fenómeno meteorolóxico: **Fenómenos costeiros**

Nivel de alerta: – **Vermello.**
 – *Laranxa.*

Data: **Venres 03 de febreiro do 2017.**

Horario previsto (AEMET): – *Vermello: Entre as 00.00 e as 13.00 horas.*
 – *Laranxa: Entre as 13.00 e as 24.00 horas.*

Comentario (AEMET): – *Alerta vermella: mar combinada do oeste de 8 a 9 metros que ocasionalmente podería acadar os 10 m na madrugada do día 3. Ventos do suroeste de forza 7 e 8, e ocasionalmente de forza 9 ou 10 na madrugada do día 3.*
 – *Alerta laranxa: Suroeste forza 7 e 8. Mar combinada do oeste de 5 a 6 metros, aumentando ata 7 a 8 metros.*

Afectación principal:

- Actividades profesionais Marítimas e aquelas preto da costa.
- Actividades deportivas marítimas: remo, piragüismo, vela, pesca, mergullo, etc.
- Actividades e actuacións preto da costa.
- Actividades de ocio preto da costa incluído a contemplación da ondada.

Tipo de fenómeno meteorolóxico: **Vento**

Nivel de alerta: – **Laranxa**

Data: **Venres 03 de febreiro do 2017.**

Horario previsto (AEMET): – *Entre as 00.00 e as 09.00 horas e as 18.00 e as 24.00 horas.*

Comentario (AEMET): – *Rachas de vento do sur e suroeste que puntualmente poden superar o limiar de aviso vermello (140 km/h) en zonas prominentes do litoral.*

Afectación principal:

- Todos os traballos ao aire libre.
- Todas as actividades culturais, deportivas ou recreativas ao aire libre.
- Os desprazamentos polas rúas e estradas, e principalmente a pé.
- As estruturas provisionais exteriores.
- Etc.

En previsión, o Departamento de Seguridade do Concello de Ferrol, acorda a seguintes medidas:

- Suspensión de tódalas actividades deportivas y/o culturais, dependentes do Concello, realizadas o aire libre.
- Peche das instalacións deportivas con actividades o aire libre.
- Notificar ditas accións a os clubs deportivos, asociacións, entidades e usuarios.
- Informar a veciñanza e aos medios de comunicación social das anteriores medidas e das recomendacións establecidas no caso de alerta laranxa por vento.
- Pre-alerta do CECOPAL (Centro de Coordinación Municipal de Operativos), poñer en situación de alerta os grupos operativos dependentes do Concello e informar da alerta as empresas dependentes ou contratadas polo Concello xunto as entidades afectadas pola situación.

O Goberno local achega unha serie de recomendacións á cidadanía, entidades e empresas para prever posibles incidencias no municipio que se relatan a continuación.

A) Medidas para a protección das persoas e bens (Orde do 24 de xuño de 2002: Plan de protección civil ante o risco de temporais en Galicia).

1. Evitar saír da casa, sobre todo, as persoas maiores. No caso de ter necesidade urxente de saír fora da súa casa:
 - a) camiñar preto das fachadas de casas sólidas (non ruinosas),
 - b) vixia-la posible caída de obxectos,
 - c) Non achegarse ós valados, carteis de anuncios, postes de madeira, árbores, etc.
2. Se o sorprende o temporal, busque refuxio.
3. Non utilice vehículos lixeiros, nin aqueles outros que teñan pouca estabilidade (bicicletas, motos, etc.).
4. Peche e asegure fiestras e portas.
5. Retire de fiestras e balcóns todos aqueles obxectos que poidan desprenderse e causar danos.
6. Sitúe os vehículos protexidos do vento.
7. Se o sorprende o temporal no coche, non se quede nel, refúxiese en calquera lugar próximo de maior seguridade.
8. É importante sinalar no caso de alerta laranxa/roxa por fenómenos costeiros o enorme perigo que supón para as persoas achegarse as praias, a costa e os peiraos por motivos de traballo ou coa intención de ver a ondada.

B) Medidas en relación as diferentes instalacións escolares, culturais e/o de ocio:

- Limite ou suprima as actividades ao aire libre.
- Evite a saída do centro (recreos, desprazamentos, etc.).
- Peche e asegure portas e fiestras.
- Retire obxectos de fiestras e balcóns.
- Respecte todas as recomendación atendidas no punto A.

C) Recomendación en relación as empresas (Orde do 24 de xuño de 2002: Plan de protección civil ante o risco de temporais en Galicia e recomendacións do INSHT):

- Suspensión dos traballos sobre cubertas, retirando calquera material ou ferramenta que poida caer dende a mesma.

- Suspende os traballos sobre estadas (estadas) e retirar calquera material ou ferramenta que poida caer do mesmo.
- Asegurar guindastres, valados, carteis e outros elementos (fixos ou móbiles) que poidan quedar afectados polo temporal.
- Realizar correctamente a posta en servizo da grúa, en especial a posta en veleta, movela ao lugar de seguridade e amarrala á vía si se dispón dela.
- Suspende o traballo das grúas en canto o anemómetro emita sinal de aviso deseguido.
- Comprobar que non se colocan na grúa elementos alleos a mesma, como carteis na torre ou material na pluma.
- Evitar os traballos no exterior e seguir as recomendacións do punto A.